

**ORDENANZA FISCAL Nº II.15 REGULADORA
DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS**

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de REDE DE SUMIDOIROS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 557 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á Rede de Sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal.

2. Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derrubadas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de predio ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior (con independencia de si hai ocupantes ou usuarios nos inmobles), os propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario destes inmobles que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5:

5.1.- A cota desta Taxa, será a que figura na seguinte relación de tarifas, podendo terse en conta para determinalas os usos especificados polo Catastro Inmobiliario:

TARIFA

CLAVE		€/ano
1	5.1. Abonos fertilizantes venda menor; Aduanas axencias; Alimentación tenda Z.R. venda menor; Alimentación venda menor; Almacén frigorífico; Aluguer coches sen condutor; Animais e plantas, venda menor; Antigiüidades venda menor; Apartahoteles (por cada apartamento); Arquivos, Asesoría; Asistencia centro; Asociación amas de casa; Asociación de veciños; Automóbil exposición; Autorreposto venda menor; Autoservizos; Autoservizos con carnicería e peixería; Bazares venda menor; Bicicletas e motocicletas exposición; Bicicletas venda menor; Bixutería venda menor; Bolsos venda menor; Cadros e molduras venda menor; Calzado reparación taller; Calzados venda menor; Camisería venda menor; Carburantes lubricantes venda menor, Carnicerías; Casa cultura; Casas comidas; Casa Turismo Rural; Cementos venda menor; Centro social terceira idade; Cereais venda menor; Cestería venda menor; Churrerías; Confraría pescadores; Coiro diverso venda menor; Comandancia da mariña; Comedor Persoal; Comercio de bolsos e maletas; Confeccións exposición; Confeccións venda menor; Confeitaría pastelería venda menor; Consignatarios de buques oficinas; Construción contratistas, Contabilidade oficinas; Copistería; Correos e telecomunicacións; Cristalerías venda menor; Conxelados venda menor; Cultura sala exposición; Decoración; Delegacións xornais oficinas; Deportes venda menor; Dietética e nutrición; Discos e cassettes venda menor; Droguerías venda menor; Efectos navais venda menor; Electrodomésticos venda menor; Electrónica y r.t.v. comp. venda menor; Embarcacións venda menor; Estudio; Exposición; Extensión agraria; Extintores e elementos seguridade venda menor; Facenda delegación; Farmacias; Farmacias e ópticas; Federación de empresarios; Ferraxaría almacén; Ferraxarias venda menor; Fincas urbanas administración; Fisioterapia; Floraría exposición; Fogar xuvenil; Froitas hortalizas venda menor; Florarías; Fotografía venda menor; Garaxe autobuses/camións; Gases combustibles oficinas; Xestorías; Ximnasios; lambetadas venda menor; Graduado social oficina; Grifería e similares venda menor; Guarnicionerías e talabarterías; Hostalería venda maquinaria; Importación-exportación axencia; INEM-Instituto nacional de emprego; Inmobiliarias axencias; Instrumentos musicais taller; Instrumentos musicais venda menor; Xabóns e lixivia venda menor; Xoiería e pratería venda menor; Xoiería e relojería venda menor; Xogueterías venda menor; Lá venda menor; Lámpadas venda menor; Leite e derivados despacho; Lencería; Librerías; Liñas regulares viaxeiros centrais; local parroquial; Loterías administración; Louza e cristal exposición; Louza e cristal venda menor; Madeiras venda menor; Manualidades venda menor; Maquinaria agrícola venda menor; Maquinaria exposición; Mariscos e peixes venda; Mat. Sanitarias venda menor; Material eléctrico almacén e oficinas; Material eléctrico industrial venda menor; Material eléctrico venda menor; Material oficina venda menor; Materias de construción venda menor; Mercerías venda menor; Misioneiros residencia; Moblerías exposición; Moblerías venda menor; Modistas taller; Monopatíns a motor venda menor; Montaxes eléctricos oficina técnica; Motocicletas venda menor; Nutrición dietética venda menor; Obras novas urbanas venda; obxectos usados, compra-venda; Oficina representacións; Oficinas; Oficinas materiais e subministro venda menor; Ópticas; Ordenadores venda menor; Organización nacional de cegos; Ortopedia; Ouro compra-venda de; Pan despachos; Paquetería venda menor; Parafarmacia; Partidos políticos oficinas; Patacas e hortalizas venda menor; Paxarería; Perfumerías venda	38,30

	menor; Peixerías; Peles país venda maior; Peles venda menor; Policía nacional; Pompas fúnebres; Prendas punto venda menor; Portas e persianas venda menor; Portas e fiestras venda menor; Produtos químicos almacén; Punto de inspección fronteirizo (PIF); Quincallas venda menor; Quinielas administración; Radio emisoras; Radio-xoguetes venda menor; Recadación de tributos oficinas; Regalos venda menor; Reloxería taller; Reloxería venda menor; Residencia monxas; Revistas e xornais quiosco; Revistas e xornais venda menor; Roupa fogar venda menor; Salón actos relixiosos; Salón catequesis; Sanitarios artigos venda menor; Xastrerías taller; Seguridade e hixiene centro de; Seguros oficinas; Seguros sociais oficinas; Servizos diversos empresa; Sex shop; Soldadura venda menor artigos; Subministro eléctrico oficinas; Subministros industriais; Tabacos administración; Tabacos expendedoría; Telefónica central; Teléfonos venda menor; Tecidos venda menor; Transportes axencia; Trasteiro; U.G.T. Unión xeral de traballadores; Ultramarinos venda menor; Vestido tocado venda menor; Viaxes axencias; Vídeo club; Viños venda menor; Vivenda/construción auxiliar uso residencial (fin de semana),	
9	5.2. Almacén trasteiro; Almacéns auxiliares; Bebidas alcohólicas almacén; Galpón/construcións auxiliares en finca independente (sen construción principal nin WC e/ou cociña); Garaxe a particular; Garaxes particulares ata 3 vehículos; Locais baleiros; Madeiras almacéns; Material construción almacén; Refrescos cervexas augas almacén; Transformador compañías eléctricas.	31,65
2	5.3. Abonos fertilizantes venda maior; Academia; Alimentación produtos venda maior; Alimentación taberna servizo; Almacén xeral venda maior; Aparellador estudio; Arquitectos estudos; Asfaltos venda maior; Asilo de anciáns, Automóbil exposición e venda; Autorreposto venda maior; Avogado despacho; Barberías; Bares; Bebidas venda maior; Bicicletas reparación taller; Bodegas; Calderería taller; Calzados venda maior; Cámara oficial de comercio; Cementos venda maior; Cemiterio; Centro sicotécnico; Cereais venda maior; Cerraxería e ferrería taller; Cetáreas; Chatarrerías; Clínica dental; Coloniais venda maior; Confeccións venda maior; Corredores de comercio; Corte y confección academia; Cristalerías venda maior; Cuadra; Deportes venda maior; Depuradora P; Despacho e vivenda; Diálise centro de; Droguerías venda maior; Elaboración e envasado de viños venda; Embarcacións venda maior; Ensinanza academia; Estación ferrocarril; Ferraxarías venda maior; fotografía estudio; Frigoríficos cámaras; Froitas venda maior; Garaxe non particular (AEAT); Garaxes comunitarios; Garaxes particulares para máis de 3 vehículos; Hamburguesería; Hospedaxes; Hostais; Idiomas academias; Igrexa-Capilla; Limpeza venda maior produtos; Lubricantes almacén venda maior; Madeiras venda maior; Maquinaria agrícola venda maior; Maquinaria eléctrica venda maior; Maquinaria eléctrica venda menor; Marcos e pintura venda maior; Mariscos viveiro; Material eléctrico venda maior; Materiais de construción venda maior; Médico e vivenda; Médicos consulta; Motocicletas reparación taller; Motocicletas venda maior; Moblerías venda maior; Mobles de cociña venda menor; Música academia; Notaría; Paquetería venda maior; Perruquería academia; Perruquería cabaleiros; Perruquería señoras; Perruquería señoras e cabaleiros; Perruquería e vivenda; Peixe venda maior; Practicantes clínica; Profesionais despacho con vivenda; Profesionais despachos; Protésico dental taller; Recubrimientos pisos venda maior; Relixioso (igrexa, capela...); Reloxería venda maior; radio tv ordenadores telefonía-taller; Sal venda maior; Salóns de baile; Psicólogo consulta; Superficies comerciais de 200 a 400 m ² ; Tabernas; Tanatorio; Terminal colectores; Tecidos venda maior; Veterinaria consulta; Viños e bebidas refrescantes venda menor; Xedería; Xoiería e pratería venda maior;	69,10
3	5.4. Acristalamento edificios taller; Ambulatorio; Aparellos eléctricos reparación; Auditorio; Autoescolas academias; Automóbil reparacións rodas; Automóbil taller chapa pintura; Automóbil taller eléctrico; Automóbil taller mecánico; Axuste taller; Bar e xogos recreativos; Barras americanas; Cadros e molduras taller; Café-bar; Café-teatro; Cafeterías; Calefaccións; Cámaras e cubertas venda e reparación; Campings; Carpintería metálica taller; Carpintería non mecánica taller; Centro formación; Centros transformación electricidade; Cerámica taller; Churrascos;	95,90

	Clínica; Clube xubilados; Cociñas venda e instalación; Colexio; Confección taller; Decoración taller; Depuradora G; Disco-bar; Ebanistería e carpintería taller; Elaboración produtos cárnicos; Electricidade taller, Electrodomésticos taller reparación; Electrólisis cinc taller; Ferrallistas taller; Fontanería calefacción taller; Fontanería taller; Formación profesional colexio; Fotografía laboratorio; Frío taller reparación; Garaxes servizo público; Hoteis; Imprenta taller; Imprentas e papelerías; Industria metal; Instalacións eléctricas alta baixa tensión taller; Instalacións eléctricas taller; Lapidarios taller; Lonxa; Maquinaria industrial reparación e venda; Marmolería taller; Motores marinos taller; Oficinas e taller; Parvulario; Pedra aserradero; Pinturas e lacados taller; Piscina municipal; Pizzería; Pub; Restaurantes; Rótulos taller de; Salóns de beleza; Sociedade de recreo; Soldura e forxa taller; Superficies comerciais de 401 a 1000 m ² ; Taller de rexas e verxas; Taller granitos; Taller mecánico; Taller mecánico naval; Taller reparación bombas inxectoras; Tapicería taller; Teléfonos e radio instalación; Testemuñas de Jehova salón; Tintureiría; Torneiro taller; Xardíns de infancia garderías etc.; Xogos recreativos; Xoiería pratería fábrica de; Xoiería taller.	
4	5.5. Análises clínicos laboratorios; Automóbil lavado e engraxe; Bancos, Caixas de aforros; Carburantes lubricantes venda maior; Centro control medio mariño; Cinematógrafos; Estación autobuses; Farmacéuticos laboratorios; instituto nacional ensinanza media; Obradoiro e venda pastelería; Pan e bolos fábrica de; Pastelería ou confitería fábrica de; Sanatorios; Sanitarios artigos venda maior; Superficies comerciais de máis de 1000 m ² ; Teatros.	153,30
5	5.6. Asfaltos elaboración; Automóbil taller xeral; Baldosas terrazos pavimentos fábrica de; Bloques fábrica de; Bombas de fluídos fábrica de; Camións exposición e venda; Carrocerías fábrica de; Cartonaxes fábrica de; Cepillos fábrica de; Conxeados fábrica; Conservas fábrica de; Construcións metálicas fábrica de; Cordas fábrica; Curtidos e similares fábrica de; Depósitos fábrica de; Discotecas; EDAR, Envases metálicos fábrica de; Escobillas fábrica de; Formigóns-fábrica, Forxados e viguetas fábrica de; Fundicións e aleacións fábrica de; Gaseosas e sifóns fábrica de; Gases combustibles, Almacén e venda por maior; Grandes superficies comerciais; Inspección técnica de vehículos (ITV); Ladrillos fábrica de; Lanchas e motoras fábrica de; Madeiras (aserradeiros) fábrica de; Maquinaria industrial conserveira taller; Matadoiro; Motores mariños fábrica de; Mobles fábrica de; Parqué fábrica de; Plásticos fábrica de; Prefabricados; Produtos lácteos fábricas de; Queixos e manteigas fábrica de; Recinto feiral (FEXDEGA); Recuperación estano fábrica; Remolques fábrica; Xeo fábrica de.	191,70
6	5.7. Bingos; Sala de festas.	230,05

5.2.- Para calquera outro uso non especificado nas tarifas facturarse por similitude, previos os informes dos Técnicos Municipais.

5.3.- a) Á Taxa de Rede de sumidoiros, en galerías e entrecáns, aplicarase unha redución do 40 por cento da tarifa correspondente, segundo a actividade que se desenvolva no local.

b) Así mesmo nas vivendas e demais locais nos que se desenvolvan actividades profesionais, comerciais ou industriais nas que se xustifique polos servizos técnicos municipais, que a conexión non é posible por gravidade, aplicarase unha redución do 80% da tarifa.

5.4.- Nos inmobles onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nas Tarifas da

Ordenanza tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

As comunidades de garaxes con máis dunha planta e/ou que integren edificios con división horizontal propia, facturarse sumando os importes que lles correspondería a cada un dos edificios ou plantas por separado.

5.5.- REDUCIONS:

a) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50 en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004, no suposto en que se cumpran os seguintes requisitos:

- Cando os ingresos totais anuais, rateados por meses, non superen o SMI.
- E non se dispoña de máis propiedades *de pleno dominio en porcentaxe superior ao 20%* que a vivenda onde residan (*no se inclúen neste cálculo os bens rústicos sen construción con valor catastral inferior a 400 €*)

b) Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais rateados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do SMI, dividida entre o número de membros (excluído o perceptor), non supere os 100,00 €, conforme á seguinte fórmula:

Importe ingresos mensuais rateados – SMI = exceso

Exceso : Nº de membros (excluído o perceptor) = menos de 100,00 euros

c) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración social) ou PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI (Renda Activa de Inserción), así como as unidades familiares con rendas asimilables ó RISGA, PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses) e as ONG (Organizacións Non Gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia.

d) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50% para unidades familiares nas que todos os seus membros superen os 65 anos e os ingresos brutos anuais resultantes por membro sexan inferiores á pensión mínima non contributiva.

e) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,90% no caso de entidades sen fins lucrativos e Confrarías de Pescadores. Esta redución terá carácter rogado e surtirá efectos a partir do período de facturación seguinte a aquel no que se solicite.

As reducións das letras a), b), c) e d) terán carácter rogado debendo achegar á solicitude a documentación que sexa requirida polos servizos sociais do Concello, e surtirá efectos a partir do período de facturación seguinte a aquel no que se solicite.

As reducións concedidas terán unha duración máxima de 2 anos. O beneficiario deberá solicitar a renovación dentro dos seis meses anteriores ao semestre no que

caduque a citada bonificación. No caso contrario entenderase que renuncia a ela.

Os beneficiarios terán a obriga de comunicar á Administración Municipal calquera modificación nos datos relativos á redución outorgada.

Para aqueles contribuíntes que soliciten a bonificación pero teñan débedas pendentes coa Facenda Local, será condición indispensable para poder tramitar a súa solicitude que o interesado firme un compromiso de pago da débeda.

Si transcorrido un ano dende a firma do compromiso de pago non se efectuaron ingresos destinados a cubri-la, a bonificación será anulada, facturándose, no seu caso, as diferenzas de importes polos beneficios fiscais que xa foran aplicados.

5.6.- A bonificación prevista neste artigo non será de aplicación cando a taxa este reducida conforme ó disposto no artigo 5.

ACOMETIDAS

Artigo 6:

As acometidas do servizo da Rede de Sumidoiros dende a rede xeral ata a parte exterior dos predios, serán feitas polo Concello a cargo do propietario, que pode subministrar todos os materiais que se precisen, ou, no seu defecto, aportalos o municipio, liquidándose pola oficina de obras, o importe dos xornais dos obreiros municipais e, no seu caso, dos materiais ós prezos día, notificándose a liquidación ó interesado para efectua-lo ingreso nun prazo de oito días, que de non facelo se fará por vía de constrinximento.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 7:

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

DEVENGO

Artigo 8:

1. Devindícase a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devindicarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

LIQUIDACION

Artigo 9:

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida, liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo.

2. Si se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

2.bis. *Nos dous supostos anteriores ratearase a taxa por trimestres naturais.*

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa, acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.)

INGRESO

Artigo 10:

1. As cotas desta Taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.

2. Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixirase nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.

3. Cando a Taxa se exaccione por padrón esixirase no período sinalado na tarifa, ou no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Comisión de Goberno e o ingreso efectuarase no prazo previsto no artigo 20 do R.G.R. para os valores recibo

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 11:

Nesta materia estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- DECLARACION DE ALTA

Os promotores ou propietarios do inmovible están obrigados a efectuar a declaración de ALTA no Padrón Fiscal da Taxa, e surtirá efectos o mes seguinte de obter a licenza de primeira ocupación ou fin de obra se o réxime de propiedade é VERTICAL. Se fora HORIZONTAL, surtirá efectos ós dous meses a contar do seguinte de obter a licenza de primeira ocupación ou fin de obra.

O inicio de actividades económicas (empresariais, profesionais ou artísticas) surtirá efectos o primeiro día do mes seguinte ó seu inicio.

As cantidades esixibles serán irreducibles polo período natural de tempo sinalado nas tarifas da Ordenanza.

SEGUNDA.- DECLARACIÓN DE BAIXA E VARIACIÓNS

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán a DECLARACIÓN DE BAIXA OU VARIACIÓNS no Censo ou Padrón da Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de facturación.

2.- Os suxeitos pasivos e, no seu caso, o substituto do contribuínte, estarán obrigados a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmovibles ou actividades gravadas pola taxa. Ditas comunicacións deberán efectuarse antes de que finalice o período natural de facturación que este establecido e, en todo caso, dentro dos 15 días naturais seguintes ó mesmo.

O incumprimento do disposto no apartado anterior conlevará a obriga do pago da taxa sen que se teñan en conta ditas alteracións.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2022, comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007
PUBLICADO BOP: 26/12/2008
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2012
PUBLICADO BOP: 30/12/2013
PUBLICADO BOP: 30/12/2014
PUBLICADO BOP: 29/12/2015
PUBLICADO BOP: 30/12/2016
PUBLICADO BOP: 28/12/2017

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 28/12/2022